




POLA CONTORNA DE LIRA

Portocubelo-Punta dos Remedios-O Ximprón-Portocubelo

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 5 km (circular)

Dificultade: baixa




Unha camiñada duns 5 km por un espazo natural con numerosos detalles e fermosas panorámicas, no que podemos gozar de praias e coídos que se acollen entre rochedos con algunhas curiosas formacións.

Unha boa parte desta costa de Carnota está protexida no LIC "Monte e lagoa de Louro" e na Reserva Mariña de "Os Miñarzos".

PERCORRIDO

Comezamos no **peirao de Portocubelo** e camiñamos cara á punta dos Remedios, que o protexe, polas **praias de Porto Ancho, Porto das Barcas**, nomes que recordan a súa antiga función e utilidade, que teñen por diante e entre elas cons e rochas con nomes do mesmo valor (**Outeiro dos Robalos, A Peixeira, A Gavota, O Galludo, Rompetimóns**,...) No remate das praias seguindo preto da beira do mar subimos á **punta da Enchousa** desde a que descubrimos os rochedos exteriores, os lugares de pesca da xente do lugar, **Os Forcados, O Angueiro**, toda a **enseada de Carnota** e, antes de chegar á Punta dos Remedios, a pequena **praia do Angueiro**. Na **Punta dos Remedios** a costa vira e ten de fronte o mar aberto no que se atopan ao lonxe **Os Miñarzos** e ao pé da costa numerosas rochas de entidade (**O Palomar, As Mexilloeiras, A Roncadora, O Seixo** e a **Cría do Seixo**...) nas que o mar traballa sen descanso, e o abrigo **das Saiñas**. Pasado o abrigo das Saiñas a liña da costa volve a cambiar de dirección, para ofrecer outra parte protexida, e forma un seo entre as **puntas da Cruz e Cabalar**, no que se acollen o **Porto Balea** e o **Curro**. Da punta de Cabalar en diante a costa rochosa presenta unha beirada comesta e coios, con manchas de area en **Samuralla** e no **Porto do Grego**, ata que chegamos ao abrigo da **praia do Ximprón**. No Ximprón collemos á esquerda pola beira da estrada e, nun km escaso, volvemos ao punto de partida.





Costa de Lira




Praia de Portocubelo e porto



39-Praia Portocubelo. Un pequeno areal de 150 m de lonxitude situado no fondo dunha pequena enseada na que se asenta o porto pesqueiro de Lira.



40-Punta de Portocubelo



Praia de Porto Ancho



Os Forcados



O Galludo




Praia da Gavota



Outeiro dos Robalos



Praia do Porto da Barca




Punta da Enchousa



Praia do Angueiro



Punta dos Remedios.




Illote Angueiro



Os Miñarzos (ao fondo). Pedras que dan nome á Reserva Mariña do Mar de Lira.



As Saíñas



Alpendrada



Porto Balea



Punta de Monte Faro



Punta Cabalar.



Porto do Curro



Porto do Crego



Samuralla



Praia do Ximprón